



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

**DONA PILAR FERNÁNDEZ ALONSO, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,**

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local en sesión realizada o **6 de outubro de 2016**, e no punto da Orde do Día referente a **INTERVENCIÓN**, adoptou o seguinte acordo:

**Aprobación das bases que rexerán o concurso fotográfico/literario relación home muller 100% positiva.**

Vista a proposta do Alcalde do 28/09/2016 e visto o informe de intervención do 29/09/2016.

Ó abeiro do establecido no artigo 10 do Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui, Bases Xerais Tipo reguladoras da concesión de subvencións do Concello de Tui e Bases de execución do orzamento 19ª, 55ª e demais aplicables, existindo crédito na aplicación orzamentaria 2016/1/231/481.00.01 por importe de 400 € para proceder á concesión de premios en metálico, e nas correspondentes aplicacións orzamentarias para a asunción dos restantes gastos (publicidade, material de oficina, agasallos), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adoptou o seguinte ACORDO:

- Aprobar a convocatoria e bases seguintes:

**“BASES QUE REXIRAN O CONCURSO FOTOGRAFICO/LITERARIO RELACIÓN HOME MULLER 100 % POSITIVA”**

Ó abeiro do establecido nos artigos 17.3.b) e 20.8.a da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publicarase o extracto da convocatoria no BOP, cuxo texto completo poderá consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Ademais, o texto íntegro das presentes bases estará dispoñible no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web ([www.concellotui.org](http://www.concellotui.org)). O prazo de recepción das obras comezará ó día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **16 de novembro de 2016, as 12h**.

Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de Tui organiza o **9º CONCURSO FOTOGRAFICO/LITERARIO RELACIÓN HOME MULLER 100 % POSITIVA**, mediante o presente procedemento de concorrencia competitiva

#### **REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN:**

- **Participantes:**

Haberá dúas categorías:

**CATEGORÍA DE ADULTOS:** poderán participar todas as persoas maiores de 18 anos.

**CATEGORÍA INFANTIL:** todas as persoas menores de idade. Será necesario contar co consentimento expreso dos seus pais ou titores legais, tanto para a participación como para a aceptación do premio da categoría de infantil.

- **Temática:**

As obras deberán adecuarse ao tema e contidos do concurso. O comité organizador do concurso gárdase o dereito de aceptación das obras segundo se adecúen ou non á temática do concurso.

O tema "Relación home/muller 100% positivo", quere facer fincapé na relación entre a muller e o home, resaltando dunha forma positiva a relación de parella, amizade, convivencia no traballo...é dicir, en todos os ámbitos da vida.

Con este concurso queremos resaltar que aínda que, desgraciadamente, existan vítimas de violencia de xénero, afortunadamente, a maioría de relacións entre homes e mulleres son relacións non violentas. Con esta campaña queremos fomentar este tipo de relacións e que acabemos entre todos coa violencia machista.

- **Licenza das obras:**

As persoas participantes serán as únicas responsables do contido das súas obras en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes, garantindo, pola soa participación neste concurso, dita titularidade así como o carácter orixinal e inédito da obra. Cada participante, polo mero feito de participar, acepta estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado, e as súas decisións serán inapelables.

- **Envío das obras:**

#### 1.- Fotografías

Cada participante poderá enviar un máximo de 3 obras.

Aceptaranse obras con retoque fotográfico sempre que non se trate de fotomontaxes.

As fotografías poderán ser en color ou en branco e negro.

As fotografías, que se presentarán en papel, terán un tamaño mínimo de 20cmx15cm e un tamaño máximo de A3 (42cmx29.70cm). Cada fotografía debe levar un título.

#### 2.- Poesías

A extensión do poema será dun folio por unha cara (DIN?4) a ordenador con tamaño mínimo de letra de 12 (sen máximo) e tipo de letra Arial. O texto será orixinal, non debendo participar en ningún outro concurso.

Poderá tamén, enviarse vía e-mail aos correos [olga.ssociais@conceltotui.org](mailto:olga.ssociais@conceltotui.org) ou [paula.ssociais@conceltotui.org](mailto:paula.ssociais@conceltotui.org). O arquivo utilizado debe ser Word, caso contrario descartarase. Debe ir asinado con pseudónimo e en Arquivo separadamente, a plica que conterán os datos completos do autor: A plica debe rotularse coa Palabra Plica título da poesía. A plica debe conter: título do traballo, nome e apelido do autor, pseudónimo utilizado, dirección, teléfono co correspondente pre-fixo, DNI, correo electrónico.

Todos os traballos presentaranse nun sobre pechado, especificando no seu exterior: "Concurso fotográfico/literario: Relación home/Muller 100% positivo, 9ª edición" que poderá ser entregado directamente na oficina ou ser enviado por correo ao Concello de Tui. Os traballos presentaranse nun sobre, máximo 3 fotografías (recordade titular cada fotografía) e 1 poesía; e xunto a este sobre presentarse outro sobre pechado cos datos do autor/a: Nome e apelidos, enderezo, nº de teléfono e fotocopia do DNI.

- **Prazos:**

O prazo de recepción das obras comezará ó día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o **16 de novembro de 2016, as 12h.**

- **Fotografías finalistas:**

As catro obras premiadas, categoría de adultos e categoría infantil, servirán de modelo para elaborar carteis informativos que se empregarán para completar a Campaña de Información contra a Prevención e Rexeitamento contra a Violencia de Xénero que se celebra o Día 25 de novembro.





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

Os autores seleccionados para a exposición cederán os dereitos de utilización, exposición, reprodución e distribución pública das obras seleccionadas, para uso exclusivo das accións relacionadas coa Prevención da Violencia de Xénero e que se levan a cabo a través da Concellería da Muller do Concello de Tui.

Os traballos premiados quedarán en propiedade do Concello de Tui. Os traballos non premiados poderán ser recollidos ou reclamados, a portes debidos, tras a solicitude dos seus autores, dentro dos trinta días seguintes ao día 25 de Novembro. Se no prazo indicado non fosen reclamadas as obras, entenderase que os seus autores renuncian a súa propiedade a favor do Concello de Tui.

- **Comité de organización e xurado:**

O comité organizativo estará composto polas Técnicas de Servizos Sociais, e o xurado será nomeado por este comité.

- **Premios:**

O xurado elixirá as catro obras finalistas que mellor se axusten aos criterios do concurso, dentro de cada categoría, tomando en consideración a súa calidade técnica e artística, e a temática da mesma. Os criterios de valoración para elixir ás persoas premiadas serán os seguintes: contido e tratamento do tema (ata 4 puntos), orixinalidade (ata 3 puntos), expresión e presentación en xeral (ata 3 puntos).

-O/a finalista dentro da categoría fotografía de adultos recibirá **200 €**. En metálico.

-O/a finalista dentro da categoría poesía de adultos recibirá **200 €**. En metálico.

-O/a finalista dentro da categoría fotografía infantil recibirá un agasallo por valor aproximado de **150 €**.

-O/a finalista dentro da categoría poesía infantil recibirá un agasallo por valor aproximado de **150 €**.

Os premios poderán declararse desertos.

A resolución de concesión dos premios esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei de procedemento administrativo común.

E para que así conste, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do ROF, en Tui a dez de outubro de dous mil dezaseis.

Visto e Praxe  
O ALCALDE

Enrique Cabaleiro González

INTERVENCIÓN

